

RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN PROVISIONAL

SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2010-02)

Examinadas as actas das reunións da mesa de contratación designada para elevar a proposta de adjudicación, mediante procedemento aberto, da citada contratación, que se convocou o 22 de outubro de 2009 (DOG nº207) e segundo o establecido no artigo 135 da lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e conforme a proposta formulada por aquela o día 16 de decembro de 2009, e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adjudicar de forma **PROVISIONAL** a contratación do concurso “**SERVICIO DE SEGURIDADE XERAL DO RECINTO FEIRAL E PARTICULAR PARA CADA CERTAME FEIRAL E CONGRESUAL PARA A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006/2010-02)**” á empresa **EULEN SEGURIDAD, S.A.** polos seguintes importes unitarios que figuran na oferta:

- Hora de axente de seguridade diúrna sen arma: Dezasete euros (17,00.-€), máis dous euros con setenta e dous céntimos (2,72.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezanove euros con setenta e dous céntimos (19,72.-€).
- Hora de axente de seguridade nocturna sen arma: Dezoito euros (18,00.-€), máis dous euros con oitenta e oito céntimos (2,88.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de vinte euros con oitenta e oito céntimos (20,88.-€).
- Hora de axente de seguridade diúrna con arma: Dezasete euros con vinte céntimos (17,20.-€), máis dous euros con setenta e cinco céntimos (2,75.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de dezanove euros con noventa e cinco céntimos (19,95.-€).
- Hora de axente de seguridade nocturna con arma: Dezoito euros con vinte céntimos (18,20.-€), máis dous euros con noventa e un céntimos (2,91.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de vinte un euros con once céntimos (21,11.-€).


Dado que esta proposición considérase máis vantaxosa en vista á oferta global presentada.

SEGUNDO.- Proceder á notificación da adxudicación provisional aos participantes na licitación, así como a súa publicación no perfil do contratante, de conformidade co disposto no artigo 135 da LCSP e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 135.4 da LCSP e tal e como se recolle na cláusula 17 do prego de condicións que rexen nesta contratación, o adxudicatario provisional, deberá presentar nas oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia no prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á data de publicación desta resolución no perfil do contratante desde organismo, a documentación referenciada no devandito prego.

Silleda, 18 de decembro de 2009

D^a Paloma Hidago López



Directora Xeral